



## MOITOS GOLES; POUCA CABEZA

Partido correspondente a 8ª xornada da 2ª Autonómica de Ferrolterra disputado na tarde de domingo en Prados Vellos ante mais de 300 espectadores de ambos equipos.

Ares 17 de novembro do 2013.

### FICHA TÉCNICA:

**NUMANCIA:** Carlos (Xaime 81´), Bule (C), Dudi, Rubén (Amenedo 77´), Álvaro (Manu 53´), Teti, Julio, Javi Rubio (Paulo 64´) Fernando (Antón 64´), Pita e Chapu.

*Adestrador:* Marcos Amor Roel.

*2º adestrador:* Manuel Antonio Cartelle Permuy.

*Delegado:* José Antonio Couce Iglesias.

**G. MUGARDOS &quot;B&quot;:** Marcos, Cuco (Romerito 46´), Mani, Iván, Arturo, José Ángel (C), Xavi (Lestón 67´), Nacho, Javi, Oli (Cristian 84´), e Dieguito (Vicente 46´).

*Adestrador:* David Fernández Pereira.

*2º adestrador:* Víctor Montero Brage.

*Delegado:* Leonardo García Lozano.

**COLEXIADO:** D. Adrián González Franco. Amoestou a Dudi, Amenedo e Antón no Numancia e a José Ángel no G. Mugardos &quot;B&quot;. Expulsou con vermella directa Chapu e a Bule no Numancia.

### GOLES:

0 - 1 (VICENTE) Saque de esquina rematado de cabeza por Vicente (minuto 48).

1 - 1 (CHAPU) Falta moi ben colgada por Manu que remata Chapu de cabeza dende o punto de penalti (minuto 61).

1 - 2 (LESTÓN) Xogada de ataque mugardés, Lestón dispara dende o pico da área por alto e o balón escápasalle a Carlos polo medio das mans (minuto 72).

2 - 2 (JULIO) Penalti por man dentro da área mugardesa; transformado por Julio (minuto 75).

3 - 2 (MANU) Gran asistencia de Teti para Manu. Este último bate ó porteiro na súa saída (minuto 81)

3 - 3 (IVÁN) Saque de esquina que Iván remata dentro da área numantina (minuto 87).

## **CRÓNICA:**

Chegaba un dos partidos mais esperados da temporada a Prados Vellos. Derbi entre veciños, amigos e incluso irmáns nalgún caso. Ninguén quería perder este bo espectáculo futbolístico e parroquial; polo que Prados Vellos pouco a pouco foise enchendo de siareiros numantinos e mugardeses deseosos de ver un bo partido e de animar os seus equipos.

Na primeira metade o dominio foi para o Numancia. Os aresáns querían a posesión do balón, levaban a iniciativa do xogo e tiñan as ocasións mais claras de gol. Chapu tivo varias ocasións; nunha delas quedou só diante do porteiro Marcos pero o seu disparo atopouse co corpo do gardameta mugardés. Tamén Pita estivo moi activo na primeira metade, tendo varias ocasións. A mais clara e fermosa da tarde foi cando aproveitou un bo pase de Bule dende a dereita para empalmar unha volea de primeiras que se atopu coa cruceta da portería vistante. ¡¡¡Unha mágoaa¡¡¡ Pola súa parte as noticias dos mugardeses na primeira metade foron algunha chegada cando conseguían roubar o balón na zona de iniciación do Numancia e un par de faltas que lanzaron moi altas. Con este panorama, o Numancia deixaba escapar vivo o G. Mugardos &quot;B&quot;; na primeira metade, chegandose o descanso cos marcadores a cero.

Na segunda metade chegaron a tensión e os goles. Cando aínda estaban a maioría dos aficionados apurando o rico café na cantina, o aresán Vicente conseguía rematar de cabeza un córner e poñer o 0 - 1 no marcador favorable os de Mugaridos. Movía o banquillo Marcos Amor e chegaba a reacción do Numancia. Tras varias ocasións Chapu no 61 atopaba o premio do gol cun bonito remate de cabeza tras asistencia de Manu. Pouco duraba a ledicia numantina xa que Lestón no 72 anotaba o 1 - 2 nun lanzamento dende o pico da área no que Carlos poido facer algo mais. Volcábase o Numancia sobre a portería de Marcos e no minuto 75 o colexiado sinalaba penalti por unha man dentro da área mugaridesa. Julio non fallaba dende os 11 metros e conseguía o 2 - 2. No 78 Carlos resarcíase do seu erro no segundo gol facendo un auténtico paradón a un cabezazo mugaridés.

Entrábase nos últimos 15 minutos de partido co resultado de 2 - 2. O partido estaba emocionante e chegaron as brusquedades. O colexiado tivo que intervir e Chapu era expulsado no minuto 80 por unha forte entrada a destempo sobre un xogador rival. Con 10 xogadores chegaría o 3 - 2 para o Numancia. Teti daba unha magnífica asistencia a Manu para que marcara ante a saída do porteiro. Nos últimos minutos o Numancia sufriu en inferioridade. Un cabezazo por forá e outro que sacou o porteiro xuvenil Xaime nuha gran parada eran os avisos dos visitantes. E no 87 chegou o fatídico gol de Iván rematando un córner que establecía o 3 - 3. Para colmo de males, o capitán Bule daba unha "cariñosa" patada a un rival que o provocara mentres celebraban o gol e tamén foi expulsado polo colexiado. Entre pitos e frutas remataba o derbi en Prados Vello.

En resumo, bo partido con bo fútbol por momentos, intensidade, emoción e tensión o disputado por Numancia e G. Mugaridos "B"; este domingo en Prados Vello. Como no partido de pretemporada, non houbo nin vencedores nin vencidos; aínda que remataron mais contentos os mugarideses que os numantinos.

En definitiva, dous puntos que voan de Prados Vello ante o eterno rival. Gran esforzo dos xogadores do Numancia, con compromiso e moita pasión. Unha pasión... a veces excesiva que nos sigue castigando con expulsións e perda de efectivos para vindeiros partidos. Tamén perde ó Numancia para as vindeiras semanas a Rubén Allegue que hoxe sufriu unha fractura de cobado. Ánimo Rubén.

O vindeiro domingo o Numancia visitará ó Galicia de Caranza de Xelo. Será un partido entre dous equipos que loitarán por non descolgarse das posicións mais altas da clasificación. Marea Vermella o vindeiro domingo no campo de Caranza; un dos mais acolledores e cómodos da 2ª Autonómica. ¡¡¡Non faltedes!!!

¡¡¡AUPA NUMANCIA!!!